



Número 443

VI lexislatura

30 de outubro de 2003

SUMARIO

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

3.2.3. Resolucións aprobadas

— Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 25506

9. Informacóns e correccións de erros

9.2. Correccións de erros

— Corrección de erros no Dictame da Comisión sobre o Proxecto de lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. 25516

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

3.2.3. Resolucións aprobadas

Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Pleno da Cámara, na sesión do 21 de outubro de 2003, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación de resolucións subseguintes ó debate de política xeral

06/DEBA-0002 (11579)

BOPG núm. 430, do 15.10.2003

Resolución resultante da transacción acadada entre a proposta de resolución núm. 11 do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 12192) e a proposta de resolución núm. 62 do G.P. do BNG (doc. núm. 12191), co contido literal seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a crear unha rede de servizos de atención á infancia que garanta a cobertura universal dos nenos e das nenas de 0 a 3 anos: garderías con horarios axeitados, escolas infantís, centros de día e ocio, etc., garantindo a igualdade deste servizo en todo o territorio galego.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción acadada entre a proposta de resolución núm. 28 do G.P. do BNG (doc. núm. 12191) e a proposta de resolución núm. 24 do G.P. Popular (doc. núm. 12193), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a levar a cabo urxentemente tódalas medidas necesarias para que o conxunto de infraestruturas enerxéticas que están en trámite de instalación en Galicia, fundamentadas na converxencia do gas e da electricidade, e baseadas na nova tecnoloxía productora de electricidade dos ciclos combinados a gas, e a planta regasificadora galega, concreten a súa viabilidade e

execución para o desenvolvemento futuro do sector empresarial galego.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Resolucións resultantes de transaccións elaboradas verbo das propostas de resolución presentadas polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 12192), co contido literal seguinte:

Núm. 58

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar da Administración central a revisión do custo efectivo das transferencias en materia de xustiza, para poder compensalo financiamento preciso para unha correcta implantación dos xuízos rápidos e da Lei penal do menor.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 59

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a crear nas sedes xudiciais das grandes cidades de Galicia unha oficina de atención ós cidadáns e de asistencia ás vítimas dos delitos, para dar con axilidade unha resposta ó usuario da xustiza, así como a canaliza-las axudas e os protocolos de actuacións das persoas que, por padecer un delito, soportan unha situación crítica de desamparo, dentro das posibilidades orzamentarias.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolucións resultantes de transaccións elaboradas verbo das propostas de resolución presentadas polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 12191), co contido literal seguinte:

Núm. 60

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia á dotación de prazas en residencias públicas e a reforma-lo baremo de admisión para dar prioridade ás persoas con problemas de Alzheimer.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 66

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que, nun prazo de doce meses, presente ante o Parlamento un plan sobre as plataformas loxísticas en construción ou que se van construír no horizonte de 2007, e a indica-lo sistema de infraestruturas por estrada e ferrocarril de conexión nodal e intermodal con portos, aeroportos e parques empresariais.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Núm. 69

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que no prazo de seis meses presente un plan de ordenación do transporte interurbano de viaxeiros por estrada, coa participación da Fegamp.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Núm. 115

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a incrementa-las medidas necesarias para combater-la baixada continuada do prezo do peixe espada capturado pola flota galega de palangre de superficie e para elimina-la pesca e a comercialización do peixe espada procedente de buques con bandeira de conveniencia.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 138

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que elabore, en nove meses, un plan de dotación de infraestruturas portuarias nos portos da súa competencia, que comprenda:

A construción de accesos ós portos.

A dotación de infraestruturas de servizo para subministración de auga, electricidade e combustible.

A dotación de servizos de varada e reparación de redes.

A dotación de instalacións de salvamento marítimo.

A dotación de instalacións de frío e comercialización.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolucións resultantes de transaccións elaboradas verbo das propostas de resolución presentadas polo G.P. do Popular (doc. núm. 12193), co contido literal seguinte:

Núm. 26

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que elabore unha nova lei de comercio galega que dea axeitada resposta ás necesidades actuais e futuras deste sector, e a que esta-bleza especialmente a problemática do comercio galego polo miúdo.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 36

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a toma-las medidas necesarias para que as zonas con dificultades orográficas teñan un recoñecemento especial de *zona vitícola sensible*. Así mesmo, e co obxecto de protexelas, deberanse implementar medidas que permitan:

Prioriza-las peticións de dereitos de plantación formuladas por viticultores localizados nalgunha destas zonas.

Prioriza-la instalación de agricultores mozos que dediquen a prima que lles corresponde á adquisición de dereitos de produción.

Implementa-las medidas agroambientais de redución de fitosanitarios.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 43

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitarlles ós clubs de fútbol a identificación de grupos radicais, así como a vixia-lo contido das súas páxinas en Internet co fin de erradicar-la violencia no fútbol.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 56

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que adapte un plan de acción para as persoas con discapacidade, que reforme o Plan CERMI de necesidades na área de servizos sociais 2001-2004.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 67

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que impulse a presenza do cooperativismo como fórmula empresarial creadora de riqueza e emprego, especialmente en ámbitos emerxentes, tales como o de servizos sociais, pesca, forestal e agrogandeiro.”

Aprobada pola unanimidade de 71 deputados e deputadas.

Resolucións aprobadas con correccións, do G.P. do Popular (doc. núm. 12193), co contido literal seguinte:

Núm. 5

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que o Igape afonde no obxectivo da internacionalización da empresa galega promovendo, para tal fin, novos servizos de apoio e dándolle prioridade dentro dos seus programas financeiros a este obxectivo.”

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Núm. 6

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que o Igape, no ámbito de lle facilita-lo acceso ó crédito á empresa galega, e complementando o marco actual que se leva a cabo coa concesión de avais, préstamos directos e microcréditos, impulse novos mecanismos que amplíen e melloren a accesibilidade ó crédito que posibilite o xurdimiento de novas empresas e a consolidación das existentes.”

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Núm. 21

“O Parlamento acorda a creación dun grupo de traballo, na Comisión 4.^a, Educación e Cultura, e coas persoas alleas a ela que estime oportunas, para a análise e o estudo que permita adoptar as medidas necesarias para a plena integración do sistema universitario de Galicia no espazo europeo de educación superior.”

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Núm. 61

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia á participación da Comunidade Autónoma na determinación do *Catálogo nacional de cualificacións profesionais*.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Resolucións aprobadas sen modificacións, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 12191), co contido literal seguinte:

Núm. 46

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a proceder de maneira inmediata á creación do Servizo de Defensa da Competencia e a presentar no Parlamento, durante o actual período de sesións, a Lei de creación do tribunal de defensa da competencia, nos termos da resolución aprobada no pasado debate de política xeral.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Núm. 47

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reclamar do Goberno central que se realice unha programación plurianual dos investimentos novos previstos no chamado Plan Galicia (e cuantificados en 5.200 millóns de euros), na que indique o horizonte temporal de execución de cada unha das infraestruturas previstas, así como a dotación anual correspondente en cada caso.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Resolucións aprobadas sen modificacións, do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 12193), co contido literal seguinte:

Núm. 1

“O Parlamento de Galicia, para continuar avanzando no desenvolvemento do autogoberno, insta a Xunta de Galicia a continua-la negociación sobre o traspaso de competencias en materia de xestión encomendada ó Instituto Social da Mariña en políticas activas de emprego e formación, no marco da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, para concluí-lo traspaso no prazo máis breve posible.”

Aprobada pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

Núm. 2

“O Parlamento de Galicia, para continuar avanzando no desenvolvemento do autogoberno, insta a Xunta de Galicia a continuar, no marco da Comisión Bilateral de Cooperación

Administración de Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, o estudo da solicitude formulada por esta Comunidade Autónoma ó Ministerio de Administracións Públicas o 3 de setembro de 2002 sobre “Transferencias pendentes desde a Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia”, e da que tivo coñecemento o Parlamento de Galicia no debate sobre o estado da Autonomía do 8 de outubro do 2002, co fin de determinar se é posible, dentro do actual marco constitucional e estatutario, chegar a acordos de tras-pasos ou a outras fórmulas de cooperación entrámbalas dúas administracións.”

Aprobada por 58 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 3

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que a través do Igape realice as actuacións necesarias que faciliten o achegamento da administración ás empresas, primando en particular nos seus procedementos a aplicación do principio de simplificación administrativa e implantando progresivamente a utilización de medios telemáticos nas súas relacións cos interesados.”

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Núm. 4

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que o Igape catalice os esforzos necesarios para a efectiva prestación ás empresas dun servizo integral de asesoramento e coordinación na tramitación dos seus proxectos.”

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Núm. 7

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar da Administración xeral do Estado que requira da Comisión Europea a asignación da Reserva de Eficacia o máis axiña posible, dentro do procedemento establecido no artigo 44 do Regulamento (CE) 1260/1999.”

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Núm. 8

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, diante do actual debate sobre a próxima reforma da política rexional comunitaria, realice tódalas xestións posibles co fin

de que Galicia siga recibindo fondos estruturais a partir do 2006, trala ampliación europea.”

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Núm. 9

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a amplia-lo plan de control da xestión de taxas e prezos ó fío da pronta aprobación e entrada en vigor da nova Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Aprobada por 58 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 10

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implementa-la presentación e o pagamento telemático da taxa fiscal sobre o xogo, tributos propios e prezos.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 11

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a habilita-lo ingreso das autoliquidacións correspondentes ós tributos xestionados pola Comunidade Autónoma en entidades colaboradoras, co fin de lles facilitar ós contribuintes o pagamento no maior número posible de entidades financeiras.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 12

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que nas axudas a fondo perdido que convoquen as consellerías, os organismos e os entes da Comunidade Autónoma se esixa unha porcentaxe de emprego estable non inferior ó 45% do que se cree con ocasión da instalación e/ou ampliación de proxectos empresariais na nosa Comunidade.”

Aprobada por 40 votos a favor, 17 en contra e 15 abstencións.

Núm. 13

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se aceleren os trámites para fixa-las contías das indemnizacións que se lles van a pagar ós damnificados pola catástrofe do *Prestige*, e a que soliciten a subscrición de acordos transaccionais, co fin de que as perciban á maior brevidade posible”.

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 14

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se aceleren os trámites para o asinamento do convenio de colaboración da Xunta de Galicia coa Administración xeral do Estado previsto no artigo 7 do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, co obxecto de resarcila dos gastos ocasionados polo accidente do *Prestige*.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 15

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á elaboración e ó desenvolvemento dun programa de formación da sociedade para dar a coñece-los valores positivos da ordenación territorial e do urbanismo, a través de actuacións divulgativas e campañas de sensibilización, prestando unha especial atención á concienciación dos máis cativos.”

Aprobada por 55 votos a favor, 17 en contra e 0 abstencións.

Núm. 16

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, de acordo co previsto na Lei 9/2002, adopte as medidas necesarias para garanti-la constitución efectiva e o inicio das actividades do Xurado de Expropiación de Galicia e da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, promovendo a participación activa dos entes locais neste proceso.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 17

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que proceda á elaboración dunha normativa técnica dos parques empresariais radicados no territorio da Comunidade Autónoma, que garanta a uniformidade nos estándares infraestruturais, dotacionais e medioambientais compatibles cun desenvolvemento sostible do territorio.”

Aprobada pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

Núm. 18

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que lle encargue ó Instituto Galego de Vivenda e Solo o desenvolvemento de experiencias piloto que incorporen novas

tecnoloxías constructivas, especialmente as referidas á construción modular dentro do programa de construción de vivendas de promoción pública.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 19

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover e favorece-los acordos necesarios para garanti-la viabilidade técnica e económica do proxecto do porto exterior da Coruña, co fin de facilita-la súa pronta execución.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 20

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que afonde no desenvolvemento e na aplicación, no ámbito da Administración autonómica, da Lei 13/2003, co obxectivo de posibilita-la concorrencia da iniciativa privada, incrementando o volume dos investimentos, así como o seu ritmo de execución.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 22

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de financiamento do sistema universitario, que, dentro das dispoñibilidades orzamentarias da Comunidade Autónoma, poderá ter en consideración, entre outros, os seguintes tipos de achega:

Xenérica, segundo criterios obxectivos, transparentes e compatibles a partir de parámetros xerais comúns a tódalas universidades.

Complementaria, ligada a obxectivos específicos para a mellora da calidade das universidades e para atende-las súas especificacións.

Por convocatorias públicas, que estimulen a mellora da calidade e premien a excelencia.”

Aprobada por 59 votos a favor, 0 en contra e 14 abstencións.

Núm. 23

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que axilice a tramitación da normativa necesaria para o desen-

volveremento do Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, polo que se aproban as directrices necesarias para a obtención dos títulos de técnicos deportivos, así como as correspondentes ensinanzas mínimas.”

Aprobada por 59 votos a favor, 0 en contra e 14 abstencións.

Núm. 25

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incorporar nas condicións de contratación, nos pregos de prescricións técnicas de contratación administrativa, cláusulas onde se promova o uso eficaz e eficiente da enerxía.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 27

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a redactar un novo programa de apoio ó comercio que continúe e perfeccione o programa 2001/2004.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 28

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha as accións correspondentes ó Plan estratéxico, a través das seguintes actuacións:

O fomento da implicación e participación das empresas do conglomerado no *cluster* da madeira de Galicia, como instrumento aglutinador dos intereses comúns, fomentando a especialización productiva para o desenvolvemento dunha industria auxiliar de compoñentes.

O fortalecemento da formación en tódolos ámbitos de actuación do sector, desde o nivel estratéxico ata a potenciación do financiamento de programas específicos para o persoal operativo das empresas, potenciando un maior achegamento destas ós centros de formación oficial, adaptando as ensinanzas ás necesidades das empresas, incidindo especialmente no deseño e no emprego das novas tecnoloxías de produción e facilitando o acceso a selos de calidade de produto, especialmente nas pemes.

A potenciación do desenvolvemento de estratexias concertadas de *marketing* diferenciadas por canles de distribución, impartíndolles formación ós prescritores e distribuidores e

fomentando as canles que favorezan a expansión cara a novos mercados, tanto nacionais coma internacionais, cun impulso institucional da imaxe social das empresas de transformación e do consumo de produtos de madeira de Galicia.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 29

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que elabore un Plan estratéxico de educación para o consumo en Galicia, con carácter cuadrienal, que acade e desenvolva de xeito sistematizado os programas, proxectos e actividades necesarios para a consecución dos fins propostos no Plan estratéxico de protección ó consumidor de Galicia 2002-2005 e no *Libro branco da educación para o consumo en Galicia*.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 30

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á elaboración dun plan sectorial enerxético no que se recolla a planificación das infraestruturas de transporte para o período 2004-2013.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 31

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que promova o emprego da pedra natural nos proxectos públicos de Galicia.”

Aprobada por 58 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 32

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que no prazo dun ano lle remita á Cámara un proxecto de lei de desenvolvemento rural de Galicia.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 33

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, en colaboración con tódolos operadores involucrados no sector lácteo e coas demais administracións do Estado, poña en marcha, paulatinamente, un sistema que garanta a transfe-

rencia de información ininterrompida desde a granxa ata as industrias de transformación e o consumidor final.”

Aprobada por 55 votos a favor, 17 en contra e 0 abstencións.

Núm. 34

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, en colaboración con tódolos operadores involucrados na carne de vacún de Galicia, e moi especialmente co Consello Rector da IXP “Termera Gallega”, afronte un plan de actuación orientado á consolidación desta IXP no panorama nacional no que se integren todas aquelas realidades produtivas con características específicas diferenciadas.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 35

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, en colaboración cos actuais consellos rectores das diferentes indicacións de calidade, se desenvolva algún instrumento que permita profesionalizar, especializar e mellora-la calidade dos servizos realizados por estes organismos, co fin de protexer e promove-la calidade dos produtos agroalimentarios galegos, así como cataliza-la actividade de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no eido agroalimentario.”

Aprobada por 56 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 37

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver sistemas integrados de alerta e vixilancia en materia de sanidade animal, establecendo a regulación, a estrutura e os medios suficientes que correspondan para o seu bo fin, e que deben integrar un sistema de alerta en materia de sanidade animal sobre calquera foco de enfermidade de declaración obrigatoria na Unión Europea e un sistema de vixilancia epidemiolóxica, que permitan a análise de información epidemiolóxica e a coordinación das actuacións necesarias para o seu control.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 39

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elabora-lo manual de calidade dos servizos veterinarios oficiais de saúde pública baseado na norma UNE-EN 450004, así como os procedementos xerais, específicos, e os rexistros

necesarios para o seu desenvolvemento no ámbito das industrias da pesca no prazo máis breve posible e, en calquera caso, antes de finaliza-lo primeiro semestre de 2004.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 40

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a regula-la estrutura e organización do Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Sergas, e a súa imbricación nas súas estruturas e nos seus órganos.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 42

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforza-la administración periférica de metadona nos centros de saúde do Sergas para os pacientes drogodependentes, incrementando a súa cobertura nun 25% en 2004, co que pasaría dos actuais 118 centros a 148 no vindeiro ano.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 44

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que realice as xestións oportunas para que Sogama asuma, en función da súa capacidade, o tratamento dos residuos que non poden ser debidamente tratados noutras plantas (ou sistemas) de xestión de residuos sólidos urbanos instaladas en Galicia.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 45

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que elabore e lles facilite ós concellos modelos de ordenanzas, co obxecto de que controlen os vertidos ás redes de saneamento e depuradoras de augas residuais.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 46

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer fórmulas de arbitraje e conciliación para a solución de conflitos medioambientais entre entidades ou particulares.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 47

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no ámbito da cultura e da educación ambiental estableza liñas de actuacións dirixidas a ampliar e mellora-la rede galega de centros de educación ambiental, a potencia-los valores etnográficos e arqueolóxicos dos espazos naturais e a promove-la implantación das axendas 21 escolares de cara a divulga-lo concepto de sostibilidade.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 48

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, neste “Ano europeo das persoas con discapacidade”, a definir estratexias e plans para promove-la integración e participación das persoas con discapacidade tanto nos sectores coma nas actividades medioambientais.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 49

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que elabore a normativa que estableza as bases para a aplicación do ecoetiquetado nos produtos orixinarios da Comunidade Autónoma.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 50

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover accións forestais no contorno dos camiños de Santiago tendentes a aumenta-la presenza de formacións de arboredo autóctono, incrementando así o valor paisaxístico e cultural destas rotas.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 51

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a redacta-la normativa que regula a imaxe dos espazos protexidos galegos, de forma que se xere unha marca común de calidade que poña en valor os devanditos espazos.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 52

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no marco das medidas de prevención de incendios forestais, poña en marcha accións demostrativas de integración de usos forestais, fomente a participación das comunidades veciñais propietarias de montes en man común e potencie as accións de concienciación cidadá.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 53

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que elabore a normativa que estableza o marco para unha adecuada xestión dos residuos voluminosos na Comunidade Autónoma, que prime as alternativas de recuperación e reciclaxe destes materiais.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 54

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ó Goberno central co fin de que, recoñecendo que Galicia é a primeira Comunidade en número de retornados, dote de recursos a Comunidade Autónoma galega a través do seu Goberno e a Fundación Galicia Emigración para o desenvolvemento de programas formativos que favorezan a integración de emigrantes retornados e inmigrantes en coordinación co conxunto das comunidades autónomas, nunha materia na que Galicia goza de maior experiencia.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 55

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ó Goberno central co fin de que, no marco normativo que sobre estranxeiría se está a tramitar en sede parlamentaria, así como no seu desenvolvemento regulamentario, se singularice o colectivo dos netos de emigrantes propiciando a súa incorporación plena á sociedade galega e española, considerándoos como liña prioritaria nunha política de inmigración que debe ter en consideración as raíces comúns e os valores compartidos.”

Aprobada por 56 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 57

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para revisa-los módulos, pola reserva e ocupación de prazas nos centros de atención a persoas con discapacidade.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 58

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que elabore un plan que estableza un modelo de atención integral ás persoas con dependencia en Galicia.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 59

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se estudie a posible revisión dos importes das axudas do Programa de acollemento familiar tanto para as persoas maiores coma para as persoas con discapacidade.”

Aprobada por 58 votos a favor, 0 en contra e 14 abstencións.

Núm. 60

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellora-la rede pública de servizos sociais de atención primaria municipal, e, en especial, o programa de axuda no fogar destinado a prestar apoio domiciliario ás persoas maiores que padecen limitacións na súa autonomía persoal.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 62

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a afondar nos programas que favorecen e facilitan a conciliación da vida familiar e laboral e a profesionalización dos servizos da vida diaria.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 63

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que elabore un plan de impulso e fomento da cultura cooperativa na sociedade e particularmente nos distintos niveis educativos.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 64

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que impulse e apoie tecnicamente iniciativas dos axentes sociais para regular sectores nos que non existe regulación por convenio colectivo.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 65

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que impulse e apoie tecnicamente un proceso de racionalización de ámbitos na negociación colectiva, con respecto á libre autonomía das partes.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 66

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que elabore un plan de impulso e fomento da cultura preventiva na sociedade e particularmente nos ámbitos educativos.”

Aprobada por 58 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 68

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que intensifique os plans de choque multisectoriais para a redución da sinistralidade laboral e para que lles dea continuidade e impulso ós programas específicos en pequenas e medianas empresas, sectores de alto risco, sector servizos e traballadores autónomos.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Núm. 69

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para desenvolver un plan de rehabilitación de bens inmobles de carácter industrial, como xeito de recuperar uns inmobles de marcado carácter histórico-artístico para usos compatibles coa súa protección, singularmente os vinculados ó denominado turismo cultural.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Núm. 70

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que a través da Consellería de Cultura, Comunicación

Social e Turismo se creen infraestructuras e destinos turísticos nas zonas do territorio que carecen deles mediante o deseño progresivo da plans de dinamización e excelencia turística que redunden, entre outros, na posta en valor dos recursos turísticos, no aumento de calidade, na mellora do medio urbano e natural e na diversificación das ofertas turísticas.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Núm. 71

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a intensifica-las medidas encamiñadas a impulsa-la produción audiovisual galega da animación e a apoia-la súa presenza nos mercados nacionais e internacionais.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Núm. 72

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adopta-las medidas encamiñadas para impulsa-la renovación tecnolóxica das redes de telecomunicación e a posta en marcha de servizos da televisión dixital e de radio dixital espallando a súa cobertura a toda a poboación galega e experimentando servizos de valor engadido sobre esta tecnoloxía.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Núm. 73

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para impulsa-lo programa de consolidación e restauración de pinturas murais e retablos, como instrumento de posta en valor e protección do noso patrimonio cultural, potenciando a dimensión sociocultural destes bens e contribuíndo á dinamización económica do territorio que se asenta.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Núm. 74

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que o vindeiro ano, no que se vai celebra-lo primeiro Xacobeo do novo século, se realice un esforzo para que as numerosas actividades culturais, lúdicas, musicais, deportivas, económicas, turísticas e de toda índole que concitan este gran acontecemento se programen de xeito que se poidan expan-

dir por toda Galicia e beneficiarse delas a maior parte das cidades, vilas e pobos da nosa Comunidade Autónoma.”

Aprobada pola unanimidade de 72 deputados e deputadas.

Núm. 75

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1.- A aborda-lo estudio e a revisión da normativa vixente para evitar que se produzan interferencias co establecido no Decreto 274/2003, polo que se regula o procedemento de obtención de permisos de actividade para os establecementos de acuicultura na zona terrestre, que establece un único órgano encargado da tramitación dos expedientes e asegura unha simplificación no procedemento administrativo dos permisos para instalacións de cultivos mariños, reducindo de dous anos a seis meses os prazos de tramitación.

2.- A crea-lo marco lexislativo máis favorable para facer atractivos os investimentos para o establecemento de industrias de acuicultura en Galicia, aproveitando a crecente importancia dos cultivos mariños na zona terrestre e o incremento de solicitudes para a instalación de empresas desta natureza na Comunidade Autónoma.”

Aprobada por 58 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 76

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Incluír, en todos aqueles artigos do Proxecto de Constitución europea onde se contén a obriga de informa-los parlamentos nacionais sobre as iniciativas e decisións das institucións europeas, a frase “e, se é o caso, rexionais”.

2.- Fomenta-la cooperación entre os diferentes niveis lexislativos da Unión –Parlamento Europeo, parlamentos nacionais e parlamentos rexionais– co fin de poder enriquece-lo intercambio de información e prácticas idóneas entre as cámaras, achegando unha visión máis próxima ás necesidades do cidadán. Será necesario o fomento da cooperación interparlamentaria na Unión, materializada fundamentalmente mediante a asociación das asembleas rexionais á Conferencia de Órganos Especializados en Asuntos Europeos (COSAC).

3.- As asembleas rexionais deberán participar *de facto* no mecanismo de alerta temperá establecido polo *Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiaridade e proporcionalidade*, a teor do previsto no seu artigo 5, onde se facultan os parlamentos nacionais para consulta-los parlamentos rexionais á hora de lles enviar un dictame ós presidentes do Parlamento Europeo, do Consello de Ministros e da Comisión onde se expoñan as razóns polas que se considera que unha proposta lexislativa non se axusta ó principio de subsidiaridade. Deste xeito as asembleas rexionais quedan vinculadas ó mecanismo de control da correcta aplicación deste principio e poderán así participar de forma efectiva na vida política comunitaria.”

Aprobada no seu puntos 1 e 2 pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes, e no seu punto 3 por 57 votos a favor, 0 en contra e 15 abstencións.

Núm. 77

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer efectiva a necesidade dunha base xurídica na Constitución europea que fundamente a cooperación transfronteiriza e interrexional, respectando en todo momento a soberanía estatal. O Proxecto de Constitución europea reconece a importancia da cooperación transfronteiriza ó establecer que o Comité das Rexións será consultado naqueles casos nos que esta se vexa afectada (artigo III-294).

Deste xeito permitiríase desenvolver e mellorar esta cooperación das denominadas “eurorexións” e incentivala adaptación das lexislacións nacionais para permitirla creación de entes transfronteirizos con personalidade xurídica constituídos por entes territoriais de ambos lados da fronteira, ademais de facilita-las prácticas xa existentes.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 14 abstencións.

Núm. 78

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que deberá ser efectiva da extensión dos ámbitos de consulta obrigatoria ó Comité das Rexións. Estímase axeitado ampliar a participación do Comité a tódolos aqueles ámbitos de interese rexional e local ou nos que a súa aplicación sexa competencia dos entes rexionais e locais, máis aínda se se ten en conta que a nova prerrogativa outorgada ó Comité de participar no control xudicial do principio de subsidiaridade só é aplicable respecto dos actos lexislativos para os que a

súa adopción requira da súa consulta. Así, o Comité das Rexións debería ser obrigatoriamente consultado en materias de tanta importancia coma as que se inclúen: investigación e desenvolvemento tecnolóxico, axudas estatais, servizos de interese xeral, industria, protección social e a totalidade dos aspectos das políticas agraria e pesqueira comúns.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 14 abstencións.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2003

Imaculada Rodríguez Cuervo

Vicepresidenta 1.ª

9. Informacións e correccións de erros

9.2. Correccións de erros

Corrección de erros no Dictame da Comisión sobre o Proxecto de lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 441, do día 28 de outubro de 2003, publicouse o Corrección de erros no Dictame da Comisión sobre o Proxecto de lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros no texto, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Páxina 25304.

Artigo 48.1.c)

Onde di: “En todo caso, someterase regularmente ós controis e ás inspeccións que correspondan.”.

Debe dicir: “En todo caso, someterase regularmente ós controis e ás inspeccións que correspondan pola consellería competente en materia de facenda.”.

Páxina 25376.

Onde di:

“Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2003

Asdo.: Manuel Ruiz Rivas

Dolores Villarino Santiago

Xesús Manuel Vega Buxán”.

Debe dicir:

“Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2003

Francisco Sineiro García

Presidente da Comisión

Susana López Abella

Secretaría da Comisión”.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2003

Juan Carlos Caride Puente

Oficial maior en funcións

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS

1.1.1 LEIS

1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO

1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO

1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI

1.2.1 PROXECTOS DE LEI

1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI

1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR

1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO

1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS

1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

2.1 INVESTIDURA

2.2 MOCIÓN DE CENSURA

2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS

3.1.2 OBXECCIÓNS

3.1.3 DICTAME DA COMISIÓN

3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO

3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS

3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

3.3.1 PROGRAMAS E PLANS

3.3.2 INFORME DA PONENCIA

3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS

3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

3.5 MOCIÓNS

3.5.1 MOCIÓNS

3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS

3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.1 PROPOSICIÓNS

3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS

3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

3.6.2.1 PROPOSICIÓNS

3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS

3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA

3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS

3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO

4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

4.2 INTERPELACIÓNS

4.3 PREGUNTAS

4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO

4.3.1.1 PREGUNTAS URGENTES

4.3.1.2 PREGUNTAS Ó PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.1.1 LEIS
 - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
 - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
 - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
 - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
 - 3.1.2 OBXECCIÓNS
 - 3.1.3 DICTAME DA COMISIÓN
 - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
 - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.5.1 MOCIÓNS
 - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
 - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
 - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
 - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
 - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
 - 4.3.1.1 PREGUNTAS URGENTES
 - 4.3.1.2 PREGUNTAS Ó PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA



Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727